

TODOS QUEREMOS ALGO

[Richard Linklater, 2016]

129

ESTREA EN NUMAX: 15.07.2016 | V.O.S.E. | +16

FICHA TÉCNICA

Everybody Wants Some!! (2016, 116')

Dirección: Richard Linklater

Guión: Richard Linklater

Reparto: Ryan Guzman, Zoey Deutch, Tyler Hoechlin,

Wyatt Russell, Adriene Mishler, Blake Jenner, Jonathan Breck,

Jessi Mechler, Glen Powell

Montaxe: Sandra Adair

Dirección de arte: Rodney Becker

Vestuario: Kari Perkins

Son: Justin Hennard

Música: The Cars, Blondie, Dire Straits, Frak Zappa, Van Halen,

Kool and the Gang, The Knack, Cheap Trick, Pat Benatar

Fotografía: Shane F. Kelly

Produtora: Annapurna Pictures (Estados Unidos)

Distribuidora: Avalon

Formato de proxección: DCP 2K, 1.85:1

FILMOGRAFÍA

Boyhood, 2014

Antes del anoecer, 2013

Bernie, 2011

Antes del atardecer, 2004

Antes del amanecer, 1995

Movida del 76, 1993

Slacker, 1991

SINOPSE

Comedia dramática de deportes ambientada na década de 1980 que segue a vida duns estudantes de primeiro ano de universidade que son xogadores de béisbol. A fita está escrita e dirixida por Richard Linklater, autor de *Boyhood*, e é unha secuela espiritual de *Movida del 76*, de 1993.

«Tras a inclinación melancólica dos seus últimos filmes, Linklater retorna nesta comedia festiva e universitaria á vertente máis vitalista do seu cinema.»

Manu Yáñez, OTROS CINES EUROPA



TODOS QUEREMOS ALGO

[Richard Linklater, 2016]

«O filme é unha parte do atleta troubleiro que eu fun»

Entrevista a Richard Linklater
Por Jacob Stolworthy

Es consciente de que os teus filmes teñen un profundo efecto no espectador? Realmente non. Non creo que se poida pensar niso. Simplemente tento contar a historia que teño na cabeza o mellor que podoo, o mellor que sei. E cando a xente conecta co que conto digo, «ben, ese era o obxectivo». Gústame que exista esa conexión.

Os teus filmes son como instantáneas da vida. É como ir camiñando pola rúa procurando a beleza no mundano. Que te leva a facer esa caste de filmes? Cando comezo teño unha idea moi vaga do que vai ser o filme finalmente. Ás veces penso: «pódese facer un filme enteiro sobre algo tan simple?». Cada filme é diferente, cada historia é diferente, mais coído que sempre me atraeu tratar temas minimalistas e tentar maximizalos cinematograficamente.

Renunciar a grandes orzamentos debe ser unha liberación. Si, creo que iso está conectado coas expectativas. Cando tes un grande orzamento tes que ofrecer grandes resultados, un gran final. Eis a contradición en *Boyhood* porque ten unha estrutura épica, ves a xente medrar, dura dúas horas e corenta minutos... é moi grande pero ao mesmo tempo é moi íntimo. Iso é moi estraño e non adoita acontecer.

Algúns dos teus filmes teñen grandes doses de nostalgia, iso agroma da colaboración cos actores ou xa se atopa no proceso de escritura? *Todos queremos algo* estaba escrito, é moi específico. Ningún dos actores se atopa preto de nacer na época na que está ambientada o filme, a comezos dos oitenta. Vén todo da miña experiencia no instituto. Escollín nos casting un grupo de atletas estudantes que tiñan as súas propias carreiras e o material que eu tiña escrito entra en contacto coa súa propia experiencia e o seu sentido do humor.

Nese momento o filme convértese nalgo moi colaborativo e aberto, coído.

A pesar de que se fala do filme como unha secuela espiritual de *Movida do 76*, non sería máis acertado falar da súa relación con *Boyhood*? Si, é unha continuación de *Boyhood* dun xeito estraño, aínda que en termos cronolóxicos e de localización, é unha secuela de *Movida*... Espiritualmente é máis unha continuación de *Boyhood* aínda cando é moi diferente. *Todos queremos algo* é unha parte distinta de min, do atleta troubleiro que eu fun.

Escribir, dirixir... que faceta che resulta máis natural? As dúas cousas fan parte do mesmo proceso, realmente. Nunca penso moito neles por separado. Dirixir é máis divertido, máis comunal. Gústame. Gústame estar cun grupo de persoas tentando crear algo, falar cos actores, cos axudantes... sintome vivo. Mais tes que facer antes a parte do guión, é imprescindible, teslle que dedicar tempo. Cada etapa da filmación é importante mentres a fas, e gasto a maior parte do tempo matinando en como contar a historia.

E como fas para escoller que historias contar? En ocasións son historias nas que penso durante moito tempo, como *Bernie* que levaba na miña testa desde dez anos atrás. O mesmo con *Todos queremos algo*. *Escola de rock* sucedeu máis rápido e *Me and Orson Welles* o mesmo. Cada filme ten os seus períodos de xestación. *Waking Life* penseina durante anos e anos, para ver como definila. Gústame iso. De todas as historias da vida, que son incontábeis, cada día te encontros con varias que poderían dar para un filme, mais cal é o detonante que me fai decidir por unha en concreto? É un misterio. Se cadra unha obsesión. Acotío hai algo na cerna das historias, unha caste de misterio a desentrañar, a descubrir en ti mesmo... Kubrick dicía: «Non comeces un filme até que esteas completamente namorado da historia pois o esforzo é tan descomunal que vas investir unha gran cantidade de tempo». No meu caso adoito pensar se o que comezo a facer vai pagar a pena unha vez estea rematado. Ese é o test persoal que adoito facer.

Publicado en www.independent.co.uk
Tradución: Xan Gómez Viñas

NA LIBRARÍA NUMAX

***Boyhood (Momentos de vida)*.**
Richard Linklater. Universal Pictures [DVD]
Antes del amanecer / Antes del atardecer.
Richard Linklater. Warner Bros [DVD]
Antes del anochecer. Richard Linklater.
A Contracorriente Films [BluRay]

Un cinema,
unha librería
e un laboratorio
de gráfica e vídeo

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org


EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME